

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL E A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES EN RELACIÓN COAS ACTUACIÓN DE RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DAS ESTRUTURAS DE MADEIRA DO PATRIMONIO GALEGO

REUNIDOS

Dunha parte, D. JOSÉ GONZÁLEZ VÁZQUEZ, actuando na súa condición de presidente da Axencia Galega da Industria Forestal, en virtude do establecido no artigo 12 do decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, que actúa en representación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Ambos interveñen no uso das facultades que, de conformidade coa normativa vixente, lles confiren os cargos que desempeñan e recoñécense mutuamente capacidade para a firma do presente Acordo e, a tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece como un dos principios xerais de actuación das Administracións Públicas, o principio de cooperación, colaboración e coordinación.

SEGUNDO.- O Decreto 109/2022, do 16 de xuño, polo que se modifica o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece como unha entidades públicas instrumentais do sector público autonómico adscritas á Consellería do Medio Rural, a Axencia Galega da Industria Forestal (en diante XERA), á que lle corresponde o exercicio das competencias dispostas no Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos.

TERCEIRO.- Que a XERA é unha axencia pública autonómica que, de acordo co Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, conta con personalidade xurídica propia e plena autonomía para a consecución dos seus fins e exercicio das súas competencias, podendo para elo colaborar con outras institucións e entidades que persigan obxectivos coincidentes de acordo co principio de colaboración interadministrativa.

CUARTO.- Que o Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira (en adiante CIS Madeira) da XERA ten entre os seus obxectivos a realización de proxectos





de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+i), asistencia técnica e formación de profesionais no campo da construción en madeira, tanto en rehabilitación e patrimonio como en obra nova.

No ámbito da rehabilitación, o CIS Madeira ten desenvolvido diversos proxectos de investigación en aspectos como a calidade estrutural da madeira antiga, ou os sistemas de reforzo e reparación de elementos estruturais.

QUINTO.- Que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, mediante o Decreto 119/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades asume as competencias de dirección e coordinación das actuacións en materia de patrimonio artístico, histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, arquitectónico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, en todas as súas manifestacións que constitúen o patrimonio cultural de Galicia.

SEXTO.- Que é desexo de ámbalas dúas institucións establecer un marco de colaboración que favoreza a realización de traballos conxuntos para recuperar e conservar o patrimonio construtivo en madeira en Galicia, empregando para este fin as técnicas máis axeitadas, e potenciando, ao mesmo tempo aquelas actividades que promovan a investigación e especialización profesional no ámbito da rehabilitación. En virtude do exposto, as partes subscriben o presente Acordo, que se rexera polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

É obxecto do presente Acordo establecer un marco de colaboración entre a Axencia Galega da Industria Forestal, a través de CIS Madeira, e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, relacionado coas actuacións de recuperación e conservación das estruturas de madeira do patrimonio galego.

SEGUNDA.- Obxectivos e ámbitos da colaboración

As condicións deste Acordo de colaboración serán de aplicación para a consecución dos seguintes **obxectivos estratéxicos**:

- Promover a colaboración en materia de investigación aplicada á conservación do patrimonio cultural en madeira en Galicia.
- Colaborar en materia de transferencia de coñecemento mediante o asesoramento mutuo e o desenvolvemento de mecanismos comúns para a valorización de resultados relacionados cos obxectivos deste Acordo.
- Diseñar actuacións conxuntas dedicadas a promover o uso e desenvolvemento de técnicas de intervención en estruturas de madeira existentes no patrimonio cultural galego.
- Cantos outros se consideren de interese mutuo, dentro das





dispoñibilidades das Institucións e das actividades que constitúen o obxecto do presente Acordo.

Establécense os seguintes **obxectivos específicos e ámbitos de actuación**:

a) Asesoramento técnico

A XERA, a través do CIS Madeira, prestará asesoramento técnico á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en aspectos relacionados con:

Diagnose do estado de conservación de elementos estruturais de madeira.
Propostas sobre técnicas de intervención e reforzo de elementos estruturais.

Requisitos das partidas de madeira empregadas nas intervencións (especies, calidade, tratamentos, etc.) e acompañamento durante a execución en obra.

b) Información técnica

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, aportará información técnica relativa a:

Tipoloxías estruturais e especies de madeira existentes no patrimonio intervido.

Técnicas de intervención e reforzo empregadas máis habitualmente.

c) Estudos conxuntos

Plantexamento de estudos conxuntos sobre aspectos relacionados con elementos de madeira no patrimonio existente.

d) Difusión e transferencia

O coñecemento xerado e as actuacións realizadas difundiranse a través de accións como poden ser as seguintes:

Organización e/ou participación en xornadas técnicas, cursos e talleres formativos sobre diagnose e rehabilitación de estruturas antigas en madeira.

Publicacións en congresos e revistas especializadas.

Elaboración de fichas técnicas das intervencións.

Difusión web, redes sociais e a xeración de contidos audiovisuais.

TERCEIRA.- Réxime Económico

Este acordo non disporá achega financeira entre as partes. Cada unha delas asumirá, con cargo os seus propios orzamentos as obrigas respectivas do presente Acordo.

CUARTA.- Comisión de seguimento

Constituirase unha comisión mixta, de carácter paritario, integrada por dúas persoas





representantes de XERA e por dúas persoas representantes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para o seguimento, vixilancia e control do Acordo e a avaliación dos logros acadados en relación cos obxectivos estratéxicos definidos.

Deberá reunirse de forma presencial ou por medios electrónicos cando o solicite unha das partes e, cando menos, unha (1) vez ao ano. Dita Comisión constituirase no prazo de trinta (30) días contados a partir da data da sinatura deste Acordo.

A Comisión adoptará, por acordo mutuo, cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir o bo funcionamento do Acordo e resolverá as diferencias que resulten da interpretación do mesmo. No seo da Comisión de Seguimento acordaranse as modificacións relativas a este Acordo.

Para acadar os obxectivos acordados, a Comisión designará os membros da comisión técnica e establecerá un calendario anual de actuacións previstas que permita a axeitada planificación e que garanta o éxito das mesmas.

QUINTA.- Comisión técnica

Coa finalidade de acadar unha maior eficacia e operatividade nas relacións entre as partes, constituirase unha comisión técnica que estará formada por persoal técnico de CIS Madeira e da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais. A súa función será facer efectivo o desenvolvemento das accións marcadas como obxectivos específicos do presente Acordo.

SEXTA.- Vixencia e Modificación

O presente Acordo entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá 4 anos de vixencia, prorrogándose ata un máximo de 8 anos, sempre que a prórroga se adopte con anterioridade á finalización da súa vixencia.

Este Acordo poderá ser modificado por acordo unánime expreso das partes.

SÉTIMA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, polo que se rexerá polo establecido nas súas cláusulas, e no seu defecto, pola normativa xeral que lle sexa de aplicación, considerándose incluído dentro do ámbito de aplicación da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Para a resolución das discrepancias que se poidan producir será de aplicación o artigo 13 da Lei 16/2010, do 18 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro.





OITAVA.- *Relacións laborais*

A subscrición deste acordo non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha á Axencia Galega da Industria Forestal, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste acordo.

NOVENA.- *Publicidade*

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste acordo, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

DÉCIMA.- *Protección de datos*

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En proba de conformidade, e para que conste aos efectos oportunos, as partes asinantes do presente Acordo na data indicada pola sinatura dixital e a un só efecto.

AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA
FORESTAL

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

O presidente

O Conselleiro

José González Vázquez

Román Rodríguez González

